Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

# DCR '22

## 07.05.22



Organizan

MUSEOS CIENTÍFICOS

ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA CASA DE LAS CIENCIAS

CÁTEDRA UDC emalcsa

Coa colaboración de

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN

FECYT INNOVACIÓN

Todos os días tiñan que ser días da ciencia. A ciencia foi a que nos configurou non só como sociedade, senón como civilización. A ciencia é o máis fermoso froito da curiosidade humana, unha curiosidade que nos levou de ollar ás estrelas a poñer os pés na Lúa. Todo ser humano, escribía Aristóteles, desexa, por natureza, saber. E desa necesidade de saber e de entender, naceu o mundo que hoxe nos arrodea, un mundo no que a ciencia permitiu ás persoas gozar dunha calidade de vida hai séculos impensable: desde a vivenda ata a medicina, pasando polos medios de transporte, son froito da ciencia.

O Día da Ciencia na Rúa deste ano volve precisamente á rúa. Un lugar do que tivo que se afastar por mor da obrigada paréntese imposta por unha pandemia. Se no 2022 estamos aquí todos de volta é, precisamente, grazas á ciencia. Porque a ciencia foi a nai das vacinas, e porque foron estas as que nos permiten hoxe respirar sen máscara e recoñecernos nos sorrisos. Esta cidade ama a ciencia e foi, e é, un referente nela. Desde aquí, falando de vacinas, partiu a expedición Balmis nos comezos do século XIX para poñer fin a milleiros de mortes por varíola. O noso hospital, o CHUAC, é tamén un referente internacional no eido dos transplantes, e a nosa universidade unha fantástica factoría de científicos nos máis diversos ámbitos.

Non hai, ademais, moitos concellos do tamaño do noso que conten cunha rede tan exemplar de museos científicos como a que aquí podemos gozar. Témola, precisamente, para inculcar ás persoas, desde moi novas, o amor pola ciencia, un amor que hoxe festexamos na rúa e que debe seguir ao servizo de crear unha humanidade mellor.

Inés Rey
Alcaldesa da Coruña

# 01 CENTROS E ENTIDADES PARTICIPANTES

01.01

# TALENTOS INCLUSIVOS. CENTRO DE INVESTIGACIÓN TIC (CITIC) DA UDC

O CITIC é un centro de investigación creado pola Universidade da Coruña en 2008, que potencia o avance e a excelencia en I+D+i aplicada ás TIC.







## ACTIVIDADES

Exposición de proxectos do CITIC da UDC nos ámbitos da realidade virtual, robótica e intelixencia artificial.

No marco do proxecto «Talentos Inclusivos», mostra da solución dos retos desenvolvidos por alumnado de Educación Secundaria para a mellora da calidade de vida das persoas con diversidade funcional: licornio e pulsadores fabricados en impresión 3D, coche TpBot dirixido con microbit, comunicador en entorno scratch que interactúa con Alexa, etc.

## PARTICIPANTES

**CITIC**
Ainhoa Molinero
María Jesús Vidal
María Pedre
Manuel Lagos
Patricia Concheiro
Nelly Condori
Adriana Dapena
Paula Castro.

**ASPACE Coruña**
Iria Robles
Alicia Martínez
Manuel García
Kiko Fernández

**IES David Buján**
José Viñas (profesor) e 2 estudantes.

**IES Sofía Casanova**
Eva Leira (profesora) e 6 estudantes.

01.02

# IES PLURILINGÜE RAFAEL DIESTE

O IES Plurilingüe Rafael Dieste imparte ESO e encóntrase na Coruña, entre os barrios Agra do Orzán, As Roseiras e Labañou. Ten alumnado de ata 20 nacionalidades. Conta cun "Club de Lectura", participa no programa "Club de Ciencia" e é centro MUSe.





## ACTIVIDADES

Participamos co noso "Club de Ciencia, Ángeles Alvariño" coas seguintes actividades:

- **Neurocosas**: como percibimos o que vemos? Os nosos ollos engánannos?, ou é o noso cerebro? Faremos experiencias de ilusións ópticas.
- **Extracción ADN.** Extracción do ADN de chícharos, amorodo, saliva...
- **Medir a Terra cun pau.** Tentaremos reproducir o famoso experimento de Eratóstenes e explicar como se pode medir a Terra coa sombra que proxecta un pau. Esperamos que faga sol, se non o explicaremos igualmente con esquemas.

## ALUMNADO

Sofía Carou Barreiro 1ºESO
Milkias Casas Noguerol 1ºESO

Laura Mora Arcas 1ºESO
Emma María Sterjo Martínez De Osaba 1ºESO
Juan Velasco López 2ºESO
Susi Doldán Añón 2ºESO
Marcos García Mejía 2ºESO
Mari Mariño 2ºESO
Aroa Martínez Martínez 2ºESO
Giulia Mayor Kehl 2ºESO
Carmen Irene Mejía Cruz 2º ESO
Sara Viele Mastrangioli 2ºESO
Jazmín Tatiana García Mejía 4ºESO

## PROFESORADO

Marisa Castiñeira

01.03

# CPI ALCALDE XOSÉ PICHEL PATACALABS

Club de ciencia, de alumnado de 2º ESO, do centro público CPI Alcalde Xosé Pichel de Coristanco.






## ACTIVIDADES

- **Móvete, electrón!** Exporemos réplicas de experimentos científicos históricos relacionados co electromagnetismo, desenvolvidas polo alumnado do centro e feitos empregando materiais domésticos.
- **Exploraremos a xeración de enerxía eléctrica**, baseada nos descubrimentos que fixo Alessandro Volta para crear a súa pila e afondaremos nas investigacións que levaron a Michael Faraday a explicar como a electricidade, o movemento e o magnetismo interactúan entre elas de xeito continuo, permitíndonos sentar as bases da tecnoloxía moderna.
- Ademais, vindo de onde vimos, tentaremos facer unha **gran pila de "Pataca de Coristanco DOP"**.

## ALUMNADO

Noemí Gómez Pombo
Cristiana María Cuprián
Aldán Álvarez Andrade
Aroa Blanco García
Brayan Botana Reboredo
Nerea Buján Antelo
Yolanda Ferreiro Caamaño
David Lema Costa
Nerea Pombo Liñares
Marta Rodríguez Castro

## PROFESORADO

Alberte Xosé Méndez López
José Carlos Barcia Barcia

01.04

# IES MENÉNDEZ PIDAL ZALAETA

Centro público de Secundaria con ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos. Conta co Club de ciencia e Tecnoloxía Zalateno (@ zalatecno) e forma parte da Asociación cultural Zalaeta con proxectos como Deseño e Son (@desenoe). Situado na Coruña.



## ACTIVIDADES

- **Makers e Astronomía.** Presentamos a astronomía táctil e/ou sonora, adaptacións de obxectos e instrumentos para mellorar a súa accesibilidade.

Desde o IES Zalaeta e desde o noso club de ciencia e tecnoloxía Zalatecno (@zalatecno) colaboramos con CEE Nª Sra de Lourdes, e con CEE Mª Mariño no proxecto inclusivo de ACZalaeta de FEmalcsa "Deseño e Son" (@desenoe) con actividades de xardinería, astronomía e música empregando a tecnoloxía.

### ALUMNADO

Mariña C.
Pablo E.
Celia G.
Alma P.
Xiana S.
Iria V.
Jessica C.
Clara G.
Laura G.
Lola R.
Jimena R.
Jana T.
Gabriela P.

### PROFESORADO

Paz Freire Campo
Almudena Jiménez
Isabel de la Puente
José Mendoza

01.05

# CEE MARÍA MARIÑO

Centro de Educación Especial da Consellería de Educación. O alumnado pode cursar: Educación Primaria ou Secundaria e tres PFFPB: Reprografía, Cociña e Xardinería. Teñen diversas discapacidades en maior o menor grado e/ou desfase curricular.



## ACTIVIDADES

- O alumnado do PFFPB de **Xardinería** expoñerá diverso material gráfico describindo as súas actividades de aprendizaxe (xardinería, viveirismo, colaboracións con outros centros como o CEIP Salgado Torres, IES Menéndez Pidal co proxecto "Deseño e Son", IES Poeta Díaz Castro, Asociación Astronómica Ío..). Farán demostracións prácticas con diferentes sistemas de rega utilizados en xardinería e agricultura: microaspersión, microdifusión, goteo, etc

### ALUMNADO

Eyob Blanco Díaz
Daniel Cea Tourón
José Alejandro Fernández Rodríguez
Asier Garmendia Campelle
Felipe Jesús Meijide Fernández
Mickaelly Lehanny Gómes Nunes
María Ignacia Paredes de la Cruz
Brais Pérez Deibe
Juan José Rabuñal López

### PROFESORADO

Guillermo Gil Docampo

01.05

# CEE NA. SRA. DE LOURDES ASPRONAGA

ASPRONAGA (Asociación Pro Personas con Discapacidade Intelectual de Galicia) é unha entidade benéfica que agrupa a persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias. O noso fin ultimo é lograr unha maior calidade de vida en todos os ámbitos

## ACTIVIDADES

- **Deseño e son.**
  Proxecto inclusivo no que a través da tecnoloxía, traballan e comparten actividades alumnado do IES Menéndez Pidal e do CEE Na. Sra. de Lourdes para deseñar produtos de axuda mediante impresión 3D, adaptacións e outros proxectos STEAM.



## ALUMNADO

Felo Couto
Yeray Mato
Martin Diaz
Nikita Kharlamov
Roman Cordero
Alex Porto

01.06

# ADOS E HERMANDADE DE DOANTES DE SANGUE

Axencia galega de sangue, órganos e tecidos.






## ACTIVIDADES

- Concurso de debuxo
- Taller de chapas.

## PERSOAL PARTICIPANTE

Elva Pillado Regueiro
Alicia Figueiras Icasuriaga
José Manuel Otero
Voluntarios da Hermandade de Doantes

01.07

# CPR CRUZ ROJA ESPAÑOLA

O CPR Cruz Roja é un centro concertado de FP, con 43 anos de experiencia.

Imparte: CM Coidados Auxiliares de Enfermería; CM de Farmacia e Parafarmacia; CM Atención a persoas en situación de dependencia; CS Imaxe para ol diagnóstico e MN. CS Laboratorio clínico e B.



## ACTIVIDADES

- **Taller de auxiliar enfermería:** reanimación cardiopulmonar. Desobstrución vía aérea. Vendaxes. Taller farmacia: identificación de células ao microscopio. Preparación de comprimidos efervescentes.
- **Taller de atención dependencia:** realización do prato de Harvard. Detectar a cantidade de amidón de diferentes clases de pavo.
- **Taller laboratorio:** microscopio caseiro para ver microorganismos. Extracción ADN de plátanos.
- **Taller de imaxe para diagnóstico:** trivial anatómico. A ruleta das radiografías. Esqueleto humano.

### ALUMNADO

Alumnado de Auxiliares de enfermería, Farmacia e parafarmacia, Atención a persoas en situación de dependencia, Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear; e Laboratorio clínico e biomé-dico.



### PROFESORADO

Cabanas S.
Martínez F.
Rey V.
Serantes M.
Vázquez N.

01.08

# FACULTADE DE FÍSICA USC E FACULTAD DE CIENCIAS USAL

As Facultades de Física USC e Ciencias USAL son referentes de excelencia na formación das futuras físicas e físicos do mañá. O seu alumnado, mediante asociacións como Luzada, USCOPTICA|EPS ou OSAL traballa activamente na divulgación da física.





## ACTIVIDADES

Xogando coa Luz: divertido percorrido polo mundo da física e da óptica a través de diferentes experimentos.

- **Óptica Visual:** por que algunhas persoas vemos mellor que outras? Nesta actividade descubriremos como funciona o noso ollo.
- **Guiado de Ondas:** é posible canalizar a luz como facemos coa auga? Terá isto algo que ver co internet das nosas casas?
- **Polarización:** os nosos ollos non son quen de percibir a polarización da luz. Como sabemos entón que existe? Que importancia ten?
- **A Luz e a Materia:** de onde veñen as cores? Que son a fluorescencia e a fosforescencia? Nesta experiencia sacarémoslle as cores á luz!

## PERSOAL PARTICIPANTE

Alba de las Heras
Alejandro Doval
Álex Martín
Alicia Muños
Ana García
Bastián Carnero
Carlos Damián Rodríguez
Damián Ínsua
Irene Romo
Isabel Rodríguez
Javier Prada
Javier Varela
José Paz
María Jesús Martínez
María Sánchez
Mario Guerras
Martín Millán
Sabela Fernández
Verónica Villa
Víctor W. Segundo

# CÁTEDRA EMALCSA - UDC

CÁTEDRA UDC emalcsa




## ACTIVIDADES

- A Cátedra Emalcsa-UDC presentará diversos experimentos que demostrarán as propiedades físicoquímicas da auga.
- Ademais, fomentará accións para avanzar no noso compromiso co medio ambiente e a protección da biodiversidade.

01.10

# IES ROSALÍA MERA

ROSALÍA MERA
Formación Profesional

Centro de formación profesional.





## ALUMNADO

Marcos Bechler Ons
Santiago Carro Boullosa
Pablo Castiñeiras Pérez
Fabricio Ángelo Lozano Pardo
Mohammed Mennaoui
Pablo Miragaya Lopez
Lucas Pereira Villar
Santiago Rios Dominguez
Iris Rodríguez Boquete
Andrés José Travieso Gomes

## PROFESORADO

Antonio Sánchez Lorenzo
Carlos Doldán Martínez

## ACTIVIDADES

- Xeración de electricidades co bicicleta aplicada a coches de carreiras.

01.11

# CEIP PLURILINGÜE RÍA DO BURGO

Colexio público de Educación Infantil e Primaria do Concello de Culleredo.



## ACTIVIDADES

- **Fabricando xeodas.** O noso alumnado vai amosar ás persoas visitantes que é e como crear unha xeoda paso a paso.
- **Investigando praderías mariñas.** O alumnado do colexio, en colaboración co CEIDA, fixo un estudo da pradeira mariña da praia de Santa Cristina e amosa os resultados da súa investigación.
- **"Fedellando" coa electricidade**. Actividades coa electricidade.
- **Homenaxe a Fran Novelle**. Fabricando clepsidras.
- **Outras actividades de Ciencia**. Se é posible, haberá algunha sorpresa.

## ALUMNADO

Alumnos e alumnas de 5º e 6º de Educación Primaria.

## PROFESORADO

Eva García
Óscar Lamiño
Vicente Muñoz
Laura Abraldes
Celia Taín
María Varela
María Otero
Fernando Martínez

01.12

# CPR PLURILINGÜE ANDAINA

## CULLEREDO

Andaina é unha cooperativa de ensino que xestiona un centro concertado con máis de 20 anos de traxectoria no ensino obrigatorio, no que fomentamos os valores que compartimos como profesionais (traballo en equipo, respecto pola diversidade...).







## ACTIVIDADES

Presentamos actividades que amosan as prácticas que realizamos interdisciplinariamente desde diferentes puntos de vista:

- **Medio ambiente:** funcionamento da nosa estación meteorolóxica, unha ollada á natureza do nosa contorna, os efectos da chuvia ácida.
- **Experimentos con auga:** a hidrólise da auga, xogando con densidades, depuración da auga.
- **Xogando coa física:** como funciona un electroimán, a presión hidráulica e a presión atmosférica.

### ALUMNADO

Alumnos e alumnas do cursos de Educación Secundaria Obrigatoria.

### PROFESORADO

Estefanía Calderón Abeijón
Roberto Figueroa Suárez

01.13

# CPR PLURILINGÜE NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN (ATOCHA)

Centro católico en Betanzos: EI, EP, ESO, BAC e STEMBach. Metodoloxías interactivas e proxectos tendo en conta as intelixencias múltiples, destrezas e rutinas de pensamento, aprendizaxe cooperativa, co estilo do fundador, cercano, alegre e familiar.



## ACTIVIDADES

- **Inmunidade natural e artificial, como actúan as vacinas?**
- **Reacción antíxeno – anticorpo.** Mediante debuxos, gráficas e diferentes materiais (plastilina, porespan...) explicaremos como actúan as vacinas e como se produce a reacción AxAc
- **Fabricación de espellos** no laboratorio de Química
- Outros experimentos

## ALUMNADO

Pablo Borrazás Doldán
Clara Díaz Amor
Emilia Lareo Bertone
Lucía Martí Galán
Alejandro Miranda Vázquez
Marcos Pita Seoane
Sabrina Sturabotti Muñiz
Brais Villaverde Rodríguez
Iria García Velo
Carla Vázquez Barreiros
Cristina Míguez Vázquez
Candela Gómez Sánchez

## PROFESORADO

Mª del Carmen Cal Crespo
Mª del Carmen Romeu Valiño

01.14

# IES PLURILINGÜE ELVIÑA

Instituto público con oferta académica de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. Centro plurilingüe (inglés) con programa de internacionalización, Espazo Maker, Club de Ciencia.






## ACTIVIDADES

- Exposicións divulgativas científicomatemáticas.
- **Choques elásticos e xeometría:** billares de forma elíptica, parabólica ou hiperbólica, para a exploración das propiedades das curvas cónicas a través das leis físicas da dinámica, e viceversa.
- **Puzzles topolóxicos e maxia matemática:** pasatempos criptográficos e maquetas con problemas baseados en grafos eulerianos, que desafían a intuición xeométrica dos que os intentan.
- **Cámara de néboa:** visibilización de raios cósmicos, partículas exóticas e radioactividade ambiental.
- **Espectro electromágnético:** divulgación sobre rangos de radiación fóra do visible ao ollo humano, como a infravermella ou a ultravioleta.

### ALUMNADO

Alumnado de 3º ESO pertencentes ao "Club de Ciencia" do centro.

### PROFESORADO

Pedro Martín (coordinador)
María Sancosmed
María Chan
María de la Encarnación del Moral
Carla Rodríguez
Daniel Pereira
Francisco Suárez

01.15

# ORGANIZACIÓN

Punto de información, tanto para participantes como para o público do Día da Ciencia na Rúa.

Información e inscrición para os xogos

Megafonía

01.16

# SERVIZO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN CONCELLO DA CORUÑA

CONCELLERÍA educación, memoria histórica, innovación, industria e emprego

ANPAs Federación Provincial de Centros Públicos de A Coruña

No programa Arte e Cultura da Federación Provincial de ANPAs desenvólvense os obradoiros: Eureka, Abracadabra e Escola de Maxia. Van dirixidos a nenos en nenas de 3 a 12 anos co obxetivo de achegarlles a ciencia a través de procesos lúdicos de apredizaxe e experimentación.

## ACTIVIDADES

Xenio e figura. **Leonardo da Vinci**. Partindo da vida e obra do gran mestre do Renacemento, presentamos diferentes actividades, xogos e experimentos en tres bloques.

- Biografía: faceta multidisciplinar (pintor, inventor, científico, enxeñeiro, arquitecto, etc.) e curiosidades como a escritura especular ou o invento do pano de mesa.
- Arquitectura e Enxeñería: grandes inventos e deseños de máquinas de hoxe en día, soñados por el hai 500 anos como a bicicleta, a escafandra, paracaídas, etc.
- Arte e Anatomía: obras importantes como A Gioconda e técnicas como o sfumato e claroscuro ou O home do Vitrubio co estudo das proporcións do corpo humano.

### ALUMNADO

Escolares participantes nos obradoiros de:
Eureka
Abracadabra
Escola de Maxia do programa Arte e Cultura no Centro

### PERSOAL EDUCADOR

Aida Rega
Ainara Mailán
Belén Varela
Carla Outes
Cristina Blanco
Darío Silva,
Iria Vázquez
Marta González
Sara Rodríguez
Sonia Fernández

01.17

# CEIP
# VICENTE OTERO VALCÁRCEL

O noso centro atópase no concello de Carral, zona semirural. É un colexio de liña 2. Contamos con diversos recursos didácticos para mellorar o proceso de ensinanzaaprendizaxe. Contamos con varios robots, zona "maker" ou taller.





## ACTIVIDADES

- Levaremos diversas actividades e tarefas sobre aves.
- Observaremos tipos de peteiros e patas e a súa adaptación ao medio.
- Compararemos ósos de aves e mamíferos para atopar algunha diferenza que facilite o voo. Incluiremos no noso proxecto xogos coas aves, formaremos paxaros con papiroflexia, poderemos observar diferentes plumas coa lupa...
- O público poderá xogar con videoxogos sobre aves programados polo alumnado.

## ALUMNADO

Carmen
Daniela
Álvaro
Iván C.
Xián
Nerea R
Samuel
Emma
Breixo G.
Antón
Gabriel
Tania
Iván, L.
Alda,
Sofía,
Alba
Nerea M.
Alberto
Diego
Breixo R.
Bruno
Cassandra
Iria
Óscar
Matthew

## PROFESORADO

Mar Domínguez Pacheco
Sabela Garcia Taín

01.18

# IES MONELOS

Ies Monelos

O IES Monelos comeza a funcionar no ano 1967. É un centro fortemente vencellado ao barrio no que está asentado. Na actualidade recibe alumnado principalmente dos seus centros adscritos que son CEIP San Fco Xavier e IES Otero Pedraio.



## ACTIVIDADES

- **Mellora resistencia dos materiais.** Probas para comprobar a resistencia de diversos materiais empregados na construción de maquetas de estruturas
- **Aquí hai tensión!** Conxunto de experimentos para mostrar e explicar o fenómeno da tensión superficial da auga e a súa modificación
- **Concentrador solar paraboloide de cartón.** Quentaremos chocolate e produciremos electricidade para cargar os móbiles dos visitantes que o precisen.
- **Resonancia**. Experimentos que axudarán a comprender o concepto de resonancia.

## ALUMNADO

Alumnado de 2º e 3º ESO e 1º BACH.

Abel V.
Alejandro L.
Amalia G.
Ana C.
Anxo V.
Blanca D.
Bruno L.
Camila P.
Carlota A.
Daniela A.
Elías P.
Fernanda M.
Ignacio S.
Ines FVillarrenaga
Inés R.
Iria D.
Laura L.
Lidia B.
Lucas E.
Lucía B.
Lucía M.
Lucía R.
Manuel V.
María R.
María V.
Martina Iris E.
Nicol G.
Nina V.
Pedro B.
Sabela G.
Sara L.
Uxía S.
Clara H.
David G.
Irene B.
Oscar O.
Pablo D.
Paula G.
Xabier L.

## PROFESORADO

Julio Cordeiro
Blanca Dans
Ramón Pasandín
Carlos Álvarez

01.19

# IES DAVID BUJÁN

IES David Buján
Cambre

O IES David Buján é un centro público de Cambre. Participamos en varios programas de innovación educativa: ContratosPrograma, Clubs de Ciencia, Stembach, seccións bilingües así como 2 proxectos Erasmus+ "Being a Biomaker" e "Artificial Intelligence".




## ACTIVIDADES

- Química creativa
- Proxecto Erasmus + "Artificial Intelligence"
- Prepapración de Kombucha.

## ALUMNADO

Jairo Cadaveira
Xoel Moure
Valero Villar
Leire Fraga
Susana Blanco
Luca Roibás
Carmen Gómez
Raúl García
Pablo Benedet
Noa Barona
Fabián Barbeito
Óscar Caínzos
Diego Candal
Lois Esporas
Alejandro Fuentes
Nicolás Guitián
Óscar Pardavila
Robert Rojas
Noa Louro
María Silveira
Xiana Valiño
Mauro Díez
Nicolás López
Nicolás Riveira
Inés Martínez
María Quintero
Nerea Erias
Celia Rumbo
Malena Reino
Aniana Díaz
Marta Rúa
Marta Mosquera
Ricardo Rodríguez

## PROFESORADO

Aniana Díaz Gómez
Marta Rúa López
Marta Mosquera Rivas
Ricardo Rodríguez Portela
Luis Couceiro Herrero

01.20

# COLEXIO PLURILINGÜE SAGRADO CORAZÓN. FRANCISCANAS

A nosa oferta educativa caracterízase pola súa calidade e atención personalizada, coa finalidade de proporcionar ao alumnado formación, madurez tanto intelectual como humana, e coñecementos e habilidades.

## ACTIVIDADES

- **Ecolarre:** bici sostible (con panel solar para cargar o móbil)
- **BioPen:** bolis reciclables.
- **Disección de ollos de porco:** o cristalino, a nosa lupa?
- Actividades de meteoroloxía e CO2
- Pegada de carbono
- Tintes naturais

## ALUMNADO

Sofía
María
Miguel
Laura
Alejandro
Daniela
Carla
Gabi
Diego
David
Mario
María
Candela
Sofía
Andrea
Miguel
Seyna
Alejandra
María
Alba
Daniela
Claudia
Héctor
Uxío
Mencía
David
Pedro
Antía
Dani
Noelia
Irene
Sara
Sabela
Carla
Sarah
Tiago
Carlos
Andrea
Raúl
Miriam

## PROFESORADO

Noemí
Cristina
M. José
Amaya
Modesto
Eli
David
Gonzalo

01.21

# IES RIBADEO DIONISIO GAMALLO

O IES Ribadeo Dionisio Gamallo é un centro público de ensino secundario. Conta cuns 400 alumnos e alumnas e dende os seus comezos vén realizando actividades como a Feira da Ciencia na que ano tras ano recibíamos a visita de Javier Novelle, a quen recordamos con enorme cariño e agradecemento por invitarnos a participar dende a primeira edición da Ciencia na Rúa.





## ACTIVIDADES

- **Alimentación e dentición nos vertebrados** (amosarán e explicarán cranios de herbívoros ruminantes, non ruminantes, carnívoros, omnívoros e roedores relacionando o tipo de alimentación coa diferente dentición de cada grupo).
- **Trampeando contra as raíñas de Vespa velutina** (o alumnado amosará como facer trampas caseiras sinxelas e atraente para colaborar na loita contra esta especie invasora).
- **Hoteis para insectos** (o alumnado amosará a forma de construír sinxelos hoteis que instalaremos no xardín do IES).
- **As Catedrais: fases de evolución do cantil** (o alumnado explicará as distintas fases de evolución do cantil a través de maquetas modeladas por eles mesmos).
- As Catedrais: por que alternan lousas e cuarcitas (o alumnado explicará que materiais se depositaron inicialmente e que transformacións sufriron para que na actualidade se observen lousas e cuarcitas alternantes).

### ALUMNADO

Arianna Fernández Clemente
Daniel Llenderrozos
Ramón López Ondina
Miriam Martínez Ibáñez
Laura Soto Cuesta
Gonzalo Veiga Otero
Antía Murias Sampedro
Raquel Pérez López
Mireia Paz Gam
Claudia López Pardo
Enma Pedreira Bouza
Xoel García

### PROFESORADO

María Jesús Besteiro Cabanas
Beatriz González Fernández

01.22

# CPR PLURILINGÜE LAS ESCLAVAS

FUNDACIÓN EDUCATIVA
Colegio ESCLAVAS DEL SAGRADO CORAZÓN

O CPR Plurilingüe Las Esclavas de A Coruña ten unha traxectoria de máis de 75 anos. Imparte en todas as etapas educativas: Infantil, Primaria, Secundaria e Bacharerato. O noso reto é ofrecer unha ensinanza de calidade, actualizada e competente.





## ACTIVIDADES

- Aproveitamento da enerxía solar con celdas fotovoltaicas.
- Enerxía térmica a partir da combustión.
- Transformación da enerxía cinética en eléctrica.
- A pila Volta.
- Corrente continua e corrente alterna.
- Obtención de plásticos biodegradables.

## ALUMNADO

3º e 4º da ESO

## PROFESORADO

María Poisa
Jose Rebollo
Víctor Lema

01.23

# CPR PLURILINGÜE LA GRANDE OBRA DE ATOCHA

C P R Plurilingüe
La Grande Obra de Atocha
(HIJAS DE LA NATIVIDAD DE MARÍA)

"O mellor libro do mestre: o neno". As verbas do noso fundador, Baltasar Pardal, seguen guiándonos, atendendo aos intereses do alumnado, e en continua actualización metodolóxica: traballo cooperativo, PBL, destrezas de pensamento, SEM, STEMbach.





## ACTIVIDADES

- **Cromatografías:** separación de compoñentes da tinta dun rotulador
- **Programación con robots Lego WeDo:** modelos de Lego programados co software WeDo para que realicen determinados movementos.
- **Visión con lentes de realidade virtual:** lentes que coa app Cardboard permiten ver vídeos en 3D.
- **Teodolito de confección propia** para medir ángulos verticais e horizontais.
- **Ácido ou base?** Confección dun indicador de pH e a súa aplicación sobre distintas substancias para comprobar se son ácidas ou básicas.
- **Columnas estratigráficas:** Modelos de estratos que permiten entender os principios da estratigrafía e o concepto de fósil director.

## ALUMNADO

Alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º ESO.

## PROFESORADO

Alejandro López
David Varela
Johana Vázquez

01.24

# COLEXIO MONTESPIÑO

COLEGIO DE FOMENTO MONTESPIÑO BILINGÜE CONCERTADO

Colexio concertado situado no Monte da Zapateira. A competencia plurilingüe, formación en valores, a educación artística, os medios tecnolóxicos e o deporte están ao servizo da excelencia educativa e da educación personalizada.



## ACTIVIDADES

- **As formas xeométricas están ao noso ao redor.** Vémolas nas matemáticas, e tamén na arte, na natureza, nas nosas cidades.... e en nós mesmos. Imos descubrir este interesante mundo xeométrico.
- **Todo é xeometría.** Baixo a idea de "prohibido non tocar" presentamos diferentes xogos e actividades que nos achegarán ao mundo da xeometría.

## ALUMNADO

Alumnado de 3º ESO y 4º ESO

## PROFESORADO

MªAntonia Peris
Vanesa Rivas

01.25

# COLEXIO CALASANZ
# PP ESCOLAPIOS

Centro educativo que cobre todas as etapas educativas: Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato.



## ACTIVIDADES

Levaremos 4 experimentos que se poderán realizar no momento coa xente que asista á jaima. Os alumnos serán os encargados de explicar en que consiste o experimento e de axudar á xente para realizalos.

### ALUMNADO

Alumnado de 1º Bachillerato e de 2º y 1º da ESO.

### PROFESORADO

Mariana Fernández Carbajo

01.26

# COLEXIO SANTO DOMINGOFESD

O colexio Santo Domingo  FESD é un colexio de carisma Dominicano convencido de que a comunicación entre familia e escola ten que ser constante e intensa, dando prioridade ao rigor académico e á atención a cada persoa.



## ACTIVIDADES

O alumnado de EP e ESO levarán a cabo pequenos experimentos para achegarnos á ciencia dunha maneira lúdica e divertida. Son experimentos deseñados polo noso alumnado en cuxo desenvolvemento o profesorado acompaña e guía na procura da explicación ao fenómeno observado.

### ALUMNADO

Alumnos e alumnas de Educación Primaria e Secundaria.

### PROFESORADO

Carlos Loureiro
Laura Seoane
Julia Granda
Almudena Sánchez

01.27

# CPI CASTRO BAXOI

Centro educativo de Infantil, Primaria e Secundaria situado no Concello de Miño, A Coruña.



## ACTIVIDADES

- Biodiversidade: láminas interactivas con imaxes e nomes común/científicos das especies.
- Comportamento das moléculas de auga nos tres estados, utilizando imáns para interactuar.
- Experimentos de capilaridade e tensión superficial da auga...e presión atmosférica.
- Lámina explicativa do ciclo das rochas nunha zona de subducción con mostras recollidas en Miño.

## ALUMNADO

Elsa
Pili
Noa
Bruno
Emilio
Eloy
Mateo Edreira
Leo
Olalla
Candela

## PROFESORADO

Eva Elsa Veiga Sánchez

01.28

# CPR HIJAS DE JESÚS
# FUNDACIÓN EDUCATIVA JESUITINAS

O colexio Jesuitinas é un colexio concertado de Educación Infantil e Primaria cun proxecto educativo cristián, situado na Zapateira. Conta con catro liñas, desde o 2º ciclo de EI ata 6º EP. Os alumnos e alumnas reciben formación en valores humanos e cristiáns.





## ACTIVIDADES

- Maquetas
- Circuítos eléctricos
- Experimentos con globos
- Robótica
- Programación
- Pensamento computacional
- Usos da electricidade e magnetismo.

### ALUMNADO E PROFESORADO

As actividades serán realizadas polo alumnado de 6º de Primaria, acompañados do seu profesorado.

01.29

# COLEXIO MARISTA CRISTO REY

O CPR Marista Cristo Rey é un centro de Educación Secundaria e Bacharelato. O noso alumnado cursa Educación Infantil e Primaria no centro adscrito, Hijas de Jesús. O titular do centro é o Instituto dos irmáns Maristas.

## ACTIVIDADES

- Roda da vida.
- Areas do mundo.
- A orixe química das cousas.
- Pasta de dentes para elefantes.
- Nacimento das nubes.

## ALUMNADO

Alumnado da ESO e Bacharelato

## PROFESORADO

Eva Cabanelas
Nuria Caramés
Julián Peñalosa
Jose Carlos Sánchez
Cristina Suárez
Sandra Taboada
David Villar

01.30

# CENTRO OCEANOGRÁFICO DA CORUÑA (IEO)

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN · CSIC Consejo Superior de Investigaciones Científicas · INSTITUTO ESPAÑOL DE OCEANOGRAFÍA

Durante o seu medio século de existencia, o Centro Oceanográfico da Coruña participou en traballos relacionados coa ecoloxía e a avaliación de recursos pesqueiros mariños, a acuicultura e a oceanografía e dinámica de ecosistemas mariños.



## ACTIVIDADES

- O corazón do planeta: experiencias de físicoquímica mariña para mostrar a distribución da temperatura oceánica, a salinidade, o pH e a tensión superficial da auga do mar.
- O DNI dos peixes: que é? Identificación de sexos.
- Cántos anos tes? Os Otolitos
- De onde vés? Marcado e recaptura.
- Descubrindo o plancto mariño.

## PERSOAL PARTICIPANTE

Urbano Autón
Pedro Coladas
Manuel V. Brañas
Miriam R. Garrapucho
Lucía Cañás
Mar Nieto
Elena Rey
Joaquín Valencia Vila
Carlota Rodríguez
Luz María García García

01.31

# ETS DE ENXEÑERÍA DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS. UDC

ESCUELA TÉCNICA SUPERIOR INGENIEROS DE CAMINOS, CANALES Y PUERTOS

Docencia de dous graos de Enxeñería: de Obras Públicas e de Tecnoloxía da Enxeñería Civil. Ademais impártese o Máster de Enxeñería de Camiños, Canles e Portos. Realízase investigación variada nos nosos modernos laboratorios.




## ACTIVIDADES

As actividades de difusión tratan de mostrar distintos aspectos da Enxeñería civil; tendo presente a sustentabilidade. levarán algúns experimentos portátiles, mostras de formigón e xeolóxicas, exemplos de software e modelos a escala dalgunha obra pública de interese.

## PARTICIPANTE

Víctor Barrientos Rodríguez
Isabel Martínez Lage
Pablo RodríguezVellando
Ana Vázquez González

01.32

# COLEXIO PLURINLINGÜE MONTEGRANDE

Colegio Plurilingüe Montegrande

Colexio familiar, pequeno, laico. Situado na Zapateira, nunha fantástica contorna natural que convida a amar a natureza e a respectar o medio ambiente, calidades básicas para o crecemento integral no plano físico, afectivo e ético.





## ACTIVIDADES

As leis físicas aplicadas ás actividades deportivas. Realizaranse 6 experiencias que podemos atopar en actividades deportivas como o esquí, a natación, a vela, o paracaidismo, submarinismo e o fútbol polas que explicaranse algunhas leis físicas que inclúen os conceptos de: aceleración, efecto Magnus, resistencia, gravidade, Principio de Pascal e Arquímedes entre outros.

## ALUMNADO

Martina P.
Daniela V.
Mar F.
Lois F.
Daniela R.
Alba de V.
Noa M.
Carlota M.
Xoel Y.
Teo P.
Carlos Q.
Elba F.
Inés F.
Elena R.
Úrsula S.
Sofía L.
Pedro S.
Martina V.
Gabriela P.
Alan G.
Antón Á.
Valentina M.
Xabier R.
Paloma B.
Héctor
Hugo
Iris
Adriana

## PROFESORADO

María Vázquez
Beatriz Rial
Sandra
María Moar

01.33

# CPR PLURILINGÜE FOGAR DE SANTA MARGARIDA

CPR PLURILINGÜE
Fogar de Santa Margarida

Somos un centro privado concertado da Coruña. A nosa comunidade educativa está formada por uns 1.200 alumnos e alumnas e 80 docentes. O alumnado está distribuídos entre Educación Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos.





## ACTIVIDADES

Realizaranse 8 actividades relacionadas coas cores en diferentes ámbitos.

- Ponlle cor a túa saúde: xogos para traballar a relación entre a cor das froitas e os beneficios para a saúde.
- As cores nos minerais: actividades para diferenciar a cor dun mineral e a súa raía.
- As cores e as emocións: relacionaremos as emocións coas cores.
- Pintando cos alimentos: fabricaremos pinturas con alimentos.
- Xogos ópticos: xogos para explicar como percibimos as cores.
- Sinestesia de Kandinsky: relacionaremos as cores con sons de instrumentos.
- Pintando con Lombarda: identificamos ácidos e bases con lombarda.
- Disco de Newton: as cores que compoñen a luz.

## ALUMNADO

Alumnos e alumnas de 5º e 6º de Primaria, 1º, 2º, 3º e 4º de Secundaria e 1º de Bacharelato.

## PROFESORADO

Elena Paredes Villamil
Iria Pérez Rodríguez
Gisela Corral Rodríguez
Raúl Rodríguez Borrajeiros
Jaime Pumares Lolo
Mayka Penas Peón
Gerardo Cardesín Abad
Marcos Díaz Losada

01.34

# IES REGO DE TRABE

O IES Rego de Trabe foi creado no ano 2015, está situado en Culleredo, preto de zonas verdes e da ría do Burgo. O Club de Ciencia está en marcha case dende a súa apertura, sendo esta a terceira edición na que participa no Día da Ciencia na Rúa.




## ACTIVIDADES

- Canto azucre ten?: móstrase como determinar a cantidade de azucre de diferentes bebidas carbonatadas utilizando como referencia á súa densidade.
- Paleontólogos por un día: levaremos fósiles impresos en 3D agochados en moldes de xeso para que os participantes piquen ata atopalos.
- Que temos en común cunha fresa?: extracción do ADN de fresas en directo.
- Escape room: xogo de probas mentais relacionadas co ámbito científico no que a resposta de cada proba conduce á seguinte.
- Unha 2ª vida para o polistireno: transformación de poliespán en pequenos xoguete.
- Trebuchets: lanzamentos con fundíbulos.

### ALUMNADO

Adrián Fandiño Suárez
Breixo Grobas Roca
Miguel Sexto Vidal
Jorge Miguel López
Laura Bello Calvete
Iria Costoya Mosquera
Sara Diaz Canosa
Hugo Fernández Mosquera
Mario Guerra Platas
Estrella Ainoa Castro Cabrejo
Ainhoa García González
Iria Fraga Villares
Uxía Bouzada Castiñeira
Marta García Soto
Stella Fontao Noguerol
AlbadeLucía Vázquez Campillo

### PROFESORADO

Tamara Fernández López
Adrián Fuentes Fernández
Beatriz Méndez Mareque
Nuria Mulet Pérez
Andrea Patiño Vázquez

01.34

# IES EDUARDO BLANCO AMOR

Somos un centro público de ESO e Bacharelato situado en Culleredo desde 1998, con máis de 700 alumnos e alumnas.

Co Club de Ciencias incentivamos o interese polas ciencias e potenciamos a vocación científica especialmente entre as nosas alumnas.





## ACTIVIDADES

O alumnado, sobre todo de 1º da ESO, achégase ao coñecemento do solo como un ente vivo e estuda a súa repercusión na depuración de auga, o rendemento agrícola e a fisioloxía das plantas dentro do marco dos ODS.

### ALUMNADO

Noa Vaamonde Cao
Claudia Cruz Alonso
Emma Gómez Blanco
Martina González Arias
Natalia López Presedo
Silvia Nunes Tajes
Paula Pena Abad
Brais Maceiras García
Ainhoa García Lema
Hugo Castro Lista
Mateo Casanova Parada
Xoán Canedo Prego

### PROFESORADO

Marta Sanjuán Pedreira
Sol Iglesias Carballo
Angel Acción Lamas

01.35

# COLEXIO SALESIANO SAN JUAN BOSCO

salesianos
A CORUÑA

Salesianos é unha opción educativopastoral integral baseada no estilo educativo de Don Bosco. As metodoloxías activas forman parte do noso proxecto educativo como un elemento clave do proceso de ensinoaprendizaxe onde o alumno é o protagonista.





## ACTIVIDADES

Presentación de diferentes proxectos de ciencias realizados polo alumnado de Infantil, Primaria, Secundaria ou Bacharelato, ao longo do curso.

## PARTICIPANTES

Profesorado e alumnado de os diferentes cursos de Infantil, Primaria, Secundaria e Bacharelato.

01.36

# CICA - CENTRO INTERDISCIPLINAR DE QUÍMICA E BIOLOXÍA

O CICA é un centro de investigación pertencente á UDC que conta con máis de 150 investigadores e investigadoras. As nosas áreas estratéxicas son i)Biomedicina, ii)Alimentación, Contaminación e Saúde e iii) Nanociencia e Novos Materiais.





## ACTIVIDADES

Varios grupos do CICA levarán experimentos e demostracións visuais adaptadas a un público xeral, onde mostren algunhas das cousas que fan no laboratorio. O obxectivo é que as persoas asistentes se entusiasmen pola química e a bioloxía e coñezan un pouquiño mellor o CICA.

## PERSOAL PARTICIPANTE

33 investigadores e investigadoras de 6 grupos do CICA e da área de xestión.

# IES ALFONSO X O SABIO

Instituto público situado no concello de Cambre. Impartimos ESO, Bacharelato e Ciclos de FP, contando con máis de 800 alumnos e alumnas. Dende os diferentes departamentos facemos unha firme aposta pola ciencia e a innovación.




## ACTIVIDADES

- Experimentando coa física e a química: descubriremos o comportamento do xabón sobre as graxas, os diferentes cambios de cor nunha reacción química, e contaremos as gotas que caben nunha moeda.
- Hotel de insectos portátil: construiremos un pequeno hotel de insectos, réplica do que temos no noso centro.
- Observación de microalgas e invertebrados.
- Divulgación de científicos e científicas de España a través de distintas actividades: carteis informativos sobre Isabel Zendal e Félix de Azara, e xogo de preguntas en formato dixital utilizando a plataforma Quizizz.
- Demostración do Teorema de Pitágoras a través do Tangram.

### ALUMNADO

| | | |
|---|---|---|
| Gael | Uxía | Blanca |
| Roque | Laura | Carmen |
| Mariña | Jimena | Leo |
| Natalia | Andrés Delgado | Mikel |
| Paula | Andrea | Daniela |
| Sergio | Cristina | Ezequiel |
| Samuel | Ana | Carla |
| Antón | Luis | Adrián |
| Miguel | Santiago | Sara |
| Ainhoa | Roi | Ángela |
| Mateo | Jacobo | Israel |
| Aitana | Hugo | Alicia |
| María | Alba | Juan |
| Iker | Adriana | Candela |

### PROFESORADO

Fernanda
Ana
Valiña
Eduardo
Gemma
Cristina
Lorena
Esther
Iván
Manuel
Chus
Vanesa

01.38

# IESP EUSEBIO DA GUARDA

O centro participa en moitos programas e proxectos. O Club de ciencia comezou no 1920, complementado coa participación no programa STEMBach que permitiu crear unha liña de actuación común en torno a aprendizaxe das ciencias e ás actividades STEM.



## ACTIVIDADES

O que nos contan as areas: se miramos as partículas baixo a lupa revelarannos os secretos da súa orixe. Empregaremos areas diferentes: illa da Palma, deserto do Sáhara... e areas misteriosas que cunha lupa binocular e pistas poderase localizar nun mapa de Galicia a súa procedencia.

- Microscopio aberto: o público presente recolecta mostras no parque de Santa Margarita e poderá velas a través dun microscopio invertido equipado con cámara. Se verán nunha pantalla.
- Xardín cristalino "acuático": construirase un xardín cristalino a base de compostos químicos a través da reacción do silicato de sodio e distintas sales de metais de transición.

### ALUMNADO

Daniel Paz
Miguel Quesada
Tomás Sorribas
Marta Vilela
Héctor Lorenzana
David Montoya
Antón No
Levon Mkrtychyan
Aleksandr Mkrtychyan
Lucía Villa
Noa Rivera
Valeria Boga
Sara Maceiras
Inés Martínez
Juan Martínez
Marcos López
Jorge Martín
Lucas Castro

### PROFESORADO

Chus Mourazos
Manolo Varela
Manuel Blanco
Paula Ponte
Minia Prego
Loli Blanco
Laura Horta
Daniel Varela
Beatriz Sixto
Silvia Candía

01.40

# IES PASTORIZA

O IES de Pastoriza sitúase a medio camiño entre os núcleos de A Coruña e Arteixo. Os nosos signos de identidade son a atención á diversidade e o multiculturalismo. Impartimos o 1º e 2º ciclo da ESO e integramos activamente as TIC na nosa ensinanza.





## ACTIVIDADES

A nosa proposta integra a seis departamentos didácticos. Por un lado, afondaremos no estudo de materiais intelixentes, que son aqueles que posúen unha ou máis propiedades que poden ser modificadas de maneira controlada mediante estímulos externos (tal como tensión mecánica, temperatura, humidade, pH ou campos eléctricos ou magnéticos) de forma reversible.

Por outra banda, presentaremos un proxecto de domótica. A dómotica comprende as técnicas e sistemas que permiten automatizar as vivendas, xestionando o consumo de enerxía, iluminación, seguridade e demais coa fin de aportar seguridade, comodidade e aforro enerxético.

## ALUMNADO

Jamily F.
Lina R.
Paula R.
Icía S.
Sara Z.
Martín P.
Israel L.
Aarón P.
Miguel R.
Xoel C.
Lara D.
Anabel S.
Paula P.
Alicia D.
Iria R.
Darío R.
Héctor P.
Sofía C.
Juan S.
Lydia S.
Tania M.
Eva V.
Pedro V.
Ayman H.
Paula L.
Enrique A.
Youseff K.
Andrea M.
Marta D.
Laura E.
Marcos P.
Carla A.

## PROFESORADO

Fini P.
Mabel D.
Jéssica P.
Vanessa F.
Mónica F.
Javier C.
Dafne P.
Martín R.

01.41

# IES AGRA DO ORZÁN

IES da Coruña, dos barrios do Ventorrillo e da Agra do Orzán. Participamos cunha proposta dos departamentos de Bioloxía, Música, Plástica e Tecnoloxía. Estes departamentos traballan a través dun Club de Ciencias, o Club AgraCITE.



## ACTIVIDADES

- Instrumentos artesanais. O alumnado de 2º ESO fabricou instrumentos musicais no taller de tecnoloxía coa colaboración das profesoras de música e plástica.
- Proxectos de electrónica. Xogos interactivos empregando a placa MicroBit.
- Sentidos. Os nosos sentidos son as facultades que temos de ver, oír, ulir, gustar e sentir, o tacto das cousas. Descubriremos como vemos, enganaremos aos nosos ollos?
- Obtención de bioplásticos de fécula de millo. Son plásticos de orixe vexetal. Unha idea xenial para ser máis sostibles!
- Micotectura. Emprego dun fungo para a obtención de material de construción.

### ALUMNADO

Anheliz Alexander
Pablo Araujo
Carla Astray
Flor Balmelli
Iria Caamaño
Jorge Gómez
Eduardo Tella
Isabel Rodriguez
Johana Xiscatti
e alumnado de 2ºESO

### PROFESORADO

Belén Abella
Mª José Martínez
Begoña Torreiro
Ana Luz Vázquez

01.42

# COLEXIO INTERNACIONAL EIRÍS

O Colegio Eirís é un centro privado pertencente á Institución Internacional Sek que conta con máis de 130 anos de existencia e presenza en catro continentes. O colexio propón un ensino de calidade baseada na innovación e idiomas.



## ACTIVIDADES

- Protozoos no microscopio
- Cristalizacións con luz polarizada
- Taller de indución electromagnética
- Frecuencia de resonancia dos corpos
- Aurora boreal en laboratorio
- Reaccións reversibles
- Ponte de Leonardo
- Xogos con Arduino
- Cúpula xeodésica
- Como inflar un globo sen aire

## ALUMNADO

Alfonso Iglesias
Jenny Lithaby
Jose López
Mar Cantarero
David Lodos
Manuel Pardo
Simon Cibeira
David Gonzalvez
Joan Bruach
Olivia Mendez
Daniela Antimisaris
Ahinoa Rodríguez
Pedro Muiños
Jacobo Fernández
Rodrigo Gracia
Valeria Acebes
Pedro Saavedra

01.43

# IES DE ORTIGUEIRA

A actividade que imos presentar é a levada a cabo polo Club de Ciencia do IES de Ortigueira. Os departamentos de Matemáticas e Tecnoloxía organizan dúas sesións de traballo semanais, nas que participa de xeito extra escolar alumnado de Secundaria e 1º de Bacharelato.





## ACTIVIDADES

- Achegaremos algunhas actividades, experimentos e proxectos dos dous últimos cursos:
- Sporttinder: proxecto de investigación para combater o sedentarismo entre os rapaces, e para o que desenvolvemos unha app en AppInventor.
- Triángulo de Sierpinski: realizado con latas de refresco, e a través do cal investigamos acerca dos fractais e o triángulo de Sierpinski.
- Icosaedros e estruturas: proxecto para traballar conxuntamente contidos matemáticos e tecnolóxicos.
  O alumnado elabora figuras matemáticas con diferentes materiais e experimenta os esforzos que soportan e distintas estruturas de edificación.

### ALUMNADO

Irene Castro Hermida
Marta Penabad
Antía Bellas Cheda
David Alonso Martínez
Alejandro Armada Rodríguez
Rocío Castro Hermida
Paula Cuevas Seoane
Carmen Maragoto Martínez
Ana Pita Romero
María Sierra Alonso
Yaiza Báez Pena
Carlos Morán Soto
Beatriz Galdo Torres
Adrián Gómez Castro
Diego López Area

### PROFESORADO

Patricia Hermida Galán
Ángel Muiño Blanco

01.44

# FACULTADE DE CIENCIAS. UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Na Facultade de Ciencias da UDC impártense os estudos de Grao en Bioloxía, Química, Nanociencia e Nanotecnoloxía e a simultaneidade nos Graos de Bioloxía e Química. Tamén nove mestrados de especialización en diversos campos da Química e da Bioloxía.





## ACTIVIDADES

- A Ciencia na nosa vida cotiá.
- A Química nos axuda a coñecer e protexer o medio ambiente.
- De que está feita a vida a nivel molecular.

## PERSOAL PARTICIPANTE

Adrián López
Aída Inés Barreiro
Alatzne Carlosena
Almudena Saavedra
Anahir Franco
Ángel Vizoso
Carlota Paz
Cora Rey
Elia Alonso
Esther Calviño
Esther Rodríguez
Javier Terán
Joel Sánchez
Jorge Lejo
Jose Manuel Pérez
Juan José Escuder
Juan Pinto
Lidia Lorenzo
Lucia Lomba
Mª Eugenia de Castro
Manuel Becerra
María Estela del Castillo
Martín Salamini
Mónica Lamas
Natalia Novo

01.45

# PROXECTO EUROPEO PANACHE

Funded by the Horizon 2020 Framework Programme of the European Union

PANACHE

*This project has received funding from the European Union's Horizon 2020 uture and Emerging Technologies programme under grant agreement number 85801*

O grupo de investigación CellCOM e o grupo de Microbioloxía pertencen ao INIBIC que é o Instituto de Investigación Biomédica do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUACSERGAS). Presentarán varios talleres científicos para achegar a ciencia aos máis novos a través de experimentos que mostran como se xeran nanopartículas, como funcionan os anticorpos ou para entender o papel que xogan os microorganismos no noso corpo entre outros.





## ACTIVIDADES

- Esferificacións con alxinato
- Torre de densidades
- Medición de pH con extracto de lombarda
- Constrúe o teu propio anticorpo
- O teu microbioma

## PERSOAL PARTICIPANTE

Marta Barturen
Alexander Carneiro
Paula Carpintero
Alejandro García
Iñaki López
Tania Montes
María Mayán
Margarita Poza
Juan Vallejo

# 02 OUTRAS ENTIDADES PARTICIPANTES

02.01

# AGAX. ASOCIACIÓN GALEGA DE AXEDRECISTAS

A Asociación Galega de Axedrecistas (AGAX) naceu en 1989 e é unha entidade sen ánimo de lucro destinada a promocionar o xadrez especialmente desde unha perspectiva lúdica. Colabora co Día da Ciencia na Rúa desde a súa primeira edición.



## ACTIVIDADES

- Partidas libres ao xadrez e damas en taboleiros xigantes. (Todo o día).
- Partidas libres en taboleiros normais. (Todo o día salvo horarios de torneos).
- Torneo de Pasapezas. (12.30 h13.30 h).
- Torneo de Partidas Rápidas (17.00 h18.00 h).
- Concurso de Resolución de problemas. (Desde 16.00 h).

02.02

# LUDO - GALLAECIA VIVA




## ACTIVIDADES

- Dominó con pezas para derrubar.
- Figuras de madeira para montar.
- Tangram.
- Parchís grande (1 metro x 1 metro).
- Taller de xogos romanos con Gallaecia Viva

## PARTICIPANTES

Jennifer Sánchez
Alma Paredes
Lucía Costa
Adrián Rodríguez
Laura Prieto

# CUAC FM

Cuac FM é a emisora comunitaria da Coruña. Emite no 103.4 da FM (A Coruña) e en Internet, na web cuacfm.org/directo. Conta cunha Escola de Radio que ofrece talleres de iniciación á radio para que poidas facer o teu programa!




## ACTIVIDADES

Por oitavo ano, Cuac FM emitirá un programa especial en directo de 11:00 a 14:00 horas, dende o parque de Santa Margarida, no que entrevistará aos protagonistas do XXVI Día da Ciencia na Rúa, entrevistando ao alumnado, profesorado e persoal investigador das diferentes Jaimas. As edicións anteriores desta cobertura especial pódense escoitar na web **cuacfm.org/dia-da-ciencia-na-rua**

## PARTICIPANTES

Isabel Lema
Samuel Sánchez
Mariano Fernández
Chema Casanova
Tomi Desastre
Chus Abeledo
Cami e Santi Atlantics
Yosi Ledesma
Jorge Delgado

02.04

# BRICOLABS

BricoLabs

Asociación Coruñesa de makers, persoas que comparten afección por crear, modificar e reparar cousas, aprendendo durante o proceso. Empregan tecnoloxías abertas, e comparten os seus deseños, desmitificando a complexidade das tecnoloxías punteiras.



## ACTIVIDADES

Amosaremos os nosos últimos proxectos, o seu funcionamento e como os levamos a cabo. Nesta edición da ciencia na rúa, entre outros, poderás coñecer estes proxectos:

- - Robots imprimibles (printbots) desenvolvidos con software y hardware libre.
- - OshwiPin: Broches confeccionados con feltro, LEDs e hilo condutivo.
- - Espada láser con luz e son creada con Arduino e impresión 3D.
- - Seguidor solar que alimenta unha cámara que fotografía animais salvaxes nunha finca no medio do monte sen internet nin electricidade.

Publicamos os nosos proxectos na wiki da nosa web: **bricolabs.cc**.

## PARTICIPANTES

Uxia Abad Sánchez
Jesús Cerqueiro Fernández
Luis Felipe Llamas Luaces
Daniel López García
Loly López Pena
Felix Sánchez-Tembleque Díaz-Pache
Alejandro Taracido Cano

02.04

# AGRUPACIÓN ASTRONÓMICA CORUÑESA ÍO

Agrupación de afeccionados á astronomía que realiza actividades de divulgación e difusión da astronomía na nosa cidade.



## ACTIVIDADES

Observación co telescopio solar do Sol, coas súas manchas, protusións, chamaradas, se as houbese. Difusión de material astronómico, cos monípticos do Sol, da Lúa, dos ceos dos hemisferios Norte e Sur, do planisferio celeste... Construción dun cuadrante para aprender a orientarse.

## PARTICIPANTES

Begoña Duro
Xabier Pérez
Óscar Sánchez
Xoán Cardelle
Genaro López
María Garaboa
Rubén Díez
Mónica Veiga
Macías López
Cristina Otero
Lorena Casete

# RADIO CORUÑA-CADENA SER

Programa «A vivir las rías» con Mayte González.

13:00 - 14:00



02.06

# UDCIENCIA D+I
## (FACULTADE DE CIENCIAS DA UDC)

UDCiencia
divulgación científica
e innovación docente

UDCiencia d+i e un grupo de innovación docente e divulgación científica formado por profesores, investigadores e estudantes da Facultade de Ciencias da UDC creado para a divulgación da Ciencia a partir de materiais docentes de creación propia.



## ACTIVIDADES

«Isabel Zendal e os nenos da vacina». En 1980, a Organización Mundial da Saúde declarou oficialmente erradicada a varíola en todo o mundo. Isto conseguiuse, en gran medida, grazas ao traballo dunha muller coruñesa e de 22 nenos expósitos encargados de transportar a vacina viva a os territorios de ultramar.

Este obradoiro conta a historia dos seus protagonistas, os seus logros e o seu legado. Tamén falaremos de virus, bacterias e vacinas, faremos observacións microscópicas de diferentes preparados bacterianos, e veremos como evolucionaron as vacinas e a vacinación nos últimos cen anos.

## PARTICIPANTES

Ana M. González Tizón
Andrés Martínez Lage
Ana Grandío Peña
Matilde Navarro Lucea
Paula Rodríguez Cortés

# 03

# ACTIVIDADES PARALELAS

03.01

# TALLER DE PAPIROFLEXIA

Neste taller se proporán varias figuras para construír. As persoas que participen construirán as figuras seguindo as indicacións do persoal ao cargo da actividade.

O material que se entregará para o desenvolvemento da actividade é o seguinte:

- Folios de cores variadas
- Plano
- Tesoiras

**PARTICIPANTE**

Ruth Barros Camba

**11:00 - 18:30**





# XORNADA PORTAS ABERTAS



## CASA DAS CIENCIAS

A Casa das Ciencias foi o primeiro museo interactivo de titularidade pública de España. Situada nun palacete dentro do parque de Santa Margarita, conta cun planetario e tres plantas de exposicións: experiencias de física, exposición sobre péndulos e exposición sobre a astronomía nos medios de comunicación. No oco da escaleira central oscila un péndulo de Foucault.

**10:00 - 19:00**



## PLANETARIO

**11:30** «La niña que sabía caminar al revés».
Castelán. De 4 a 7 anos.

**13:00** «Lévame á Lúa».
Galego. Maiores de 10 anos.

**16:30** «O ceo de Cloe».
Galego. De 4 a 6 anos.

**18:00** «Dinosaurios».
Maiores de 7 anos.

Para asistir a unha sesión de Planetario hai que retirar invitacións, que se repartirán media hora antes de cada sesión na recepción da Casa das Ciencias, un máximo de dous invitacións por persoa.

# XORNADA PORTAS ABERTAS

MUSEOS CIENTÍFICOS

## DOMUS

A Domus é un museo interactivo dedicado ao ser humano. Nos seus espazos expositivos hai máis de 150 módulos interactivos para divertirse e reflexionar sobre as características da especie humana, para coñecernos como individuos e como especie.

**Enderezo**: Ángel Rebollo, 91. A Coruña

**10.00 H A 19.00 H.**

Último acceso ás 18.30 horas.

Imprescindible reservar entradas nesta dirección: https://ticketing.coruna.eu/mc2-do/

Para facilitar o acceso ás persoas maiores de 65 anos, estas poderán acceder sen reserva, acompañadas doutra persoa se o precisan



# XORNADA PORTAS ABERTAS

MUSEOS CIENTÍFICOS

## AQUARIUM FINISTERRAE

O Aquarium Finisterrae é un centro público de ciencia dedicado á educación ambiental e a divulgación científica de temas mariños. Durante a visita poderanse ver máis de 300 especies de animais mariños, experimentar e aprender cos seus módulos e actividades e sentirse baixo o mar na sala Nautilus.

Nas súas piscinas exteriores vive unha colonia de focas atlánticas. Dáselles de comer dúas veces ao día, ás 12.00 e ás 17.00 horas, actividade que pode presenciar o público.



**10.00 H A 19.00 H.**

Último acceso ás 18.00 horas.

Imprescindible reservar entradas nesta dirección:
https://ticketing.coruna.eu/mc2-do/

Para facilitar o acceso ás persoas maiores de 65 anos, estas poderán acceder sen reserva, acompañadas doutra persoa se o precisan

03.06

# CABEZUDOS

Seis cabezudos, que representan a científicos famosos (Isaac Newton, Albert Einstein, Arquímedes, Marie Curie, Jacques Cousteau e Charles Darwin), percorrerán A Coruña pola mañá animando á cidadanía a participar no Día da Ciencia na Rúa. Pola tarde, quedarán no parque de Santa Margarita acompañando ao público.



07.03

# CONCERTO DO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

O cuarteto de trompetas **"Trío más uno"**, composto por Adrián Abella Pérez, Celia Chazo Costa, Brais Ferreiro Castro e Samuel Majo Martínez interpretará as seguintes pezas:

**Fanfare for an Angel**
J. M. Stephenson

**Fugue in G Minor**
J. S. Bach
arr. Louis Davidson

**Country Pictures**
Vassily Brandt

**Sus Scrofa**
Andrés Valero-Castells

**12.00 H**

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Organizan

MUSEOS CIENTÍFICOS

ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA CASA DE LAS CIENCIAS

CÁTEDRA UDC emalcsa

Coa colaboración de

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN

FECYT INNOVACIÓN